

A ESCOLA DA VACA



"Queríamos saír das limitacións do ensino regrado"
Víctor Sixto Sanjosé

Datos básicos

Actividade:	Escola de música
Sector de actividade	Actividades de formación
Nº empregados	9
Inversión inicial	3.000 €
Financiamento inicial:	3.000 € en fondos propios 216.500 € en préstamos bancarios 1.800 € de subvención do programa EMEGA 1.800 € de subvención por contratación indefinida de persoal. A meirande parte do investimento foi adicado á adquisición do local.
Web:	www.davaca.com
Municipio:	Ferrol, A Coruña
Ano creación:	1998

Descrición do proxecto

Trátase dunha escola de música con tres seccións de ensino:

- clásica
- folk
- actual (pop, rock, jazz, ...)

Cada sección inclúe distintos instrumentos.

O ensino está organizado por seccións (estilos musicais), polo que se estudian os distintos instrumentos de cada estilo, e todo elo faise en grupo para enfocar o ensino á formación de conxuntos musicais (tócase en grupo, apréndese a combinar distintos instrumentos e a facer música en conxunto). As clases están orientadas aos afeccionados que desexan aprender a tocar un instrumento para se divertir.

Nas clases de música infantil, entrégase aos pais unha unidade didáctica para que practiquen xogando con eles en casa. Tamén se ofrece aos rapaces cursiños de orientación musical, dun ano de duración. A súa finalidade é que o neno teña claro qué tipo de instrumento e estilo musical lle gusta máis para comezar o ano seguinte. Ao mesmo tempo se lles aprende solfexo, e transcorrido ese ano, se matriculan no instrumento que teñan elixido.



Datos empresa

Claves do éxito

Vaca ofrece unha selección moi ampla de instrumentos e estilos.

- Utilización das últimas tecnoloxías (a informática ao servizo da música, ...)
- Aulas que combinan moitos instrumentos e estilos.
- Sistema de marketing e publicidade moi coidado. Estivemos presentes na Feira de Ensino de Ferrol cun stand da escola A Vaca, mantemos contactos con profesorado de música en colexios e institutos, coa ONCE, ofrecemos concertos gratuítos para a cidade de Ferrol como instrumento de promoción, ...
- Coidamos moito a selección do profesorado. Non nos guiamos por criterios como titulación ou estudos senón que contrastamos a valía profesional e a relevancia no mundo da música, o cal atrae a moitos alumnos. Por exemplo, temos contratada unha mezzosoprano de recoñecido prestixio no mundo da música, a un gaitero do ballet Rei de Viana e a un integrante do grupo folk Berrogüeto.

Situación actual

Non dispoñible

Perfil cliente

- Nenos de 3 a 8 anos. A idade de tres anos é a ideal para que un neno aprenda unha lingua, e a música é unha forma de linguaxe. Oito anos é a idade mínima de entrada nos conservatorios. Existen moitos pais que queren que os seus fillos vaian a clases de música antes de entrar nos conservatorios. Ademais, o sistema de ensino da música infantil trata de achegar aos nenos a esta disciplina mediante técnicas que sexan divertidas para eles (solfeoxo xogando, canto, representacións teatrais, ...).
- Nenos de 8 a 16 anos. Son nenos que queren aprender a tocar un instrumento (teñen afección) pero non queren ir ao conservatorio (onde se forma non a afeccionados senón a profesionais)
- A partires dos 16 anos. Son persoas afeccionadas que non poden acceder ao ensino regrado e lles gusta aprender a tocar un instrumento. Un grupo importante neste segmento estaría constituído por adultos de idades comprendidas entre os 25 e os 50 anos.



Idea inicial

A outra socia era profesora de música e decatouse que a escola na que traballaba presentaba certas limitacións. Por unha banda, na escola Yamaha se imparte ensino musical nun solo estilo (clásica) e para un solo instrumento (piano). Por outra banda, esta escola utiliza un método creado e adaptado para un entorno moi particular (Xapón), que pode non ser tan apropiado para o noso caso (mentalidade diferente, distinta metodoloxía didáctica, ...)

Na escola de música A Vaca temos unha visión máis global do que se entende por ensino musical, e se imparten unha inmensa variedade de instrumentos e estilos (clásica, folk, pop, rock, jazz, ...).

Ademais, detectamos unha necesidade que non estaba satisfeita: estudar música por afección, dentro dun programa de ensino non regrado. Satisfacemos a demanda daquelas persoas que son afeccionadas á música e desexan aprender a tocar un instrumento pero non desexan facelo de forma profesional. Tamén respondemos ás necesidades daquelas persoas que non teñen acceso a programas de ensino regrado por ter unha idade superior á máxima permitida nun conservatorio.

Principales dificultades y amenazas futuras

Nun inicio, tivemos dificultades para seleccionar o profesorado que necesitábamos -Tamén tivemos retrasos nas obras de adecuación do local. Elo supuxo un custo considerable porque abrimos a escola a mediados de outubro en vez de abrir en setembro.

-Por outra banda, sufrimos os problemas financeiros típicos dos comezos. Neste sentido hai que destacar que, se ben as subvencións chegaron tarde e moitas delas non se nos concederon, non as tivemos en consideración para calcular a rendibilidade financeira do noso proxecto empresarial senón que consideramos que o proxecto tiña que reunir, por se mesmo, as condicións suficientes para satisfacer uns mínimos de rendibilidade sen axuda de subvencións.

Unha ameaza futura consiste na próxima apertura dunha escola municipal. A escola A Vaca entrou no mercado con prezos elevados, ademais impartimos clases en grupo debido á nosa metodoloxía didáctica, na que integramos todos os instrumentos e formamos a instrumentistas de grupo, non a solistas. A escola de música municipal ofrecerá por contra, prezos sensiblemente máis baixos. Nembargantes, creemos que o importante é posicionarse no mercado de forma sólida para que a ameaza da competencia sexa só relativa.

Como anécdota, algúns alumnos pasaron de pagar 6 € por clases de gaita noutra escola a pagar 60 € polo mesmo tempo na escola da Vaca, e isto pódese atribuír á calidade do profesorado e do método, e ó atractivo de tocar en grupo.

Perfil promotores

O promotor Victor Sixto é licenciado en empresariais, profesor e empresario (posúe unha empresa consultora e un café en Ferrol).

A empresa conta cunha socia máis.



Aptitudes necesarias

- Capacidade de traballo
- Liderado
- Creatividade

Guía de Actividad

Escolas de música (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

Dedicarme ao que me gusta
Ser o meu propio xefe

Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

Sí, son licenciado en Ciencias Empresariais e empresario

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Sí, moito

Anecdótico

O café que temos en Ferrol chámase "Café da Vaca". O nome da escola é o mesmo porque críamos que ía supoñer un aforro en publicidade e ía resultar máis efectivo para chamar a atención de posibles clientes debido á popularidade do establecemento. O curioso é que os primeiros clientes que se achegaron á escola de música pensaron que tamén servíamos café. Outra anécdota é que no escaparate hai unha enorme vaca de pasta de papel (1,20 X 1,80), en tamaño natural, para atraer a atención dos rapaces. Todos os nenos que pasan por diante queren entrar para tocar, normalmente baixo a escusa de coller un folleto e pedir información, e algúns deles terminan matriculándose na escola. O motivo da vaca está presente en todo momento nas aulas dos nenos (cadeiras, paredes, ...), e séntense moi atraídos por este motivo. A vaca supón unha importante fonte de captación de alumnos. Ademais, temos unha serie de pinturas na entrada, formando parte dunha colección na que o motivo fundamental é unha vaca tocando diferentes instrumentos. As pinturas, de gran expresividade e colorido, atraen a un bo número de persoas que entran na escola para ver o que eles pensan que é unha exposición. O artista autor das pinturas non se dedicaba a comercializar as súas obras senón que pintaba por afección. Eu mesmo descubrino un día no meu café e lle ofrecín un intercambio de clases de música por unha colección có motivo da vaca. Na actualidade é un recoñecido artista en Ferrol.

